



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	A educación dos medios de comunicación na sociedade multipantalla		Código	652439008	
Titulación	Mestrado Universitario en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Digon Regueiro, Alba Patricia		Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Profesorado	Digon Regueiro, Alba Patricia		Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Web					
Descrición xeral	<p>A finalidade do título Master Universitario en ?Innovación, Orientación e Avaliación Educativa? é a adquisición por parte do estudante dunha formación avanzada de carácter especializado e multidisciplinar no campo da Innovación, Orientación e Avaliación educativa, encamiñada a súa especialización académica e científica e a promover a iniciación en tarefas investigadoras. Preténdese formar profesionais e investigadores cunha visión crítica e proactiva, que contén cos elementos teóricos, metodolóxicos e tecnolóxicos necesarios para deseñar, avaliar e liderar alternativas educativas innovadoras. A asignatura A educación dos medios de comunicación na sociedade multipantalla aporta aos estudos deste máster a necesaria formación académico/investigadora no campo da educación mediática para aqueles estudantes que queiran seguir a súa carreira académica e profesional neste ámbito. A educación mediática non só é un área de estudo de especial relevancia na sociedade actual, a cal é definida como sociedade da información e sociedade multipantalla, senon que é un área fundamental na formación de toda aquela persoa interesada na investigación e a innovación educativa. Todo profesional e investigador no ámbito educativo debe coñecer o papel dos medios de comunicación na sociedade actual e na educación; debe ademais ser capaz de analizar de forma crítica os produtos mediáticos tendo en conta todos os aspectos relacionados coa súa produción, distribución e recepción; debe tamén ser capaz de levar a cabo procesos de produccion, participación crítica e creación propia de produtos mediáticos; e debe finalmente ser capaz de contribuir ao avance da investigación e aplicación nos campos de acción educativa dunha adecuada educación en medios de comunicación.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A2	Ser capaz de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos críticos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A7	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.
A8	Ser capaz de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento, a innovación nos procesos educativos, a avaliación e o cambio.
A12	Deseñar e realizar investigacións educativas tanto con metodoloxías cuantitativas como cualitativas para identificar problemas e necesidades.
A14	Utilizar de maneira creativa as novas tecnoloxías para optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe e orientación profesional, e deseñar sistemas para educación con base en Internet.
A17	Xerar coñecementos e capacidades científicas para elaborar proxectos de innovación educativa que incrementen a xustiza social nos ámbitos do xénero, a multiculturalidade, a discapacidade, a clase social e a identidade asociada a calquera característica humana.
A18	Desenvolver temáticas propias da Sociedade da Información aplicadas á educación para promover a igualdade social e rexional, e a mellora do benestar e a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás.



A19	Preparar ós futuros investigadores para a transformación e innovación do sistema educativo formal e da educación non formal e responder ós retos que a Sociedade da Información xera, aproveitándose das posibilidades que ofrecen as telecomunicacións para a aprendizaxe.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de adaptación a situacións novas.
B3	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B4	Traballar de forma colaborativa.
B5	Capacidade de organización e planificación.
B6	Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos formais e non formais.
B7	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como investigador.
B8	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e comprender o papel e as características dos medios de comunicación na actual sociedade da información e sociedade multipantalla	AI6 AI7 AI17	BI1 BI7	CM4 CM8
Ser capaz de levar a cabo procesos de investigación e análise crítico de distintos tipos de produtos mediáticos tendo en conta todos os aspectos que inflúen na súa produción, distribución e interacción	AI2 AI6 AI11 AI17	BI1 BI4	CM1 CM3
Ser capaz de levar a cabo procesos de investigación para a produción, participación crítica e creación de produtos mediáticos propios.	AI2 AI7 AI11 AI13 AI17 AI18	BI2 BI4 BI6	CM1 CM3 CM4
Ser capaz de elaborar propostas innovadoras e de calidade no campo da educación mediática e para o traballo educativo cos medios de comunicación.	AI7 AI16 AI17 AI18	BI2 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8	CM5 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas



Os medios de comunicación na sociedade multipantalla.	Características da sociedade da información e a sociedade multipantalla. Papel e características dos medios de comunicación na sociedade actual.
A educación en medios de comunicación.	Historia e perspectivas de traballo e investigación no campo da educación mediática. Educación mediática e política educativa.
Os factores determinantes dos medios de comunicación.	As institucións dos medios e as súas formas de funcionamento. A investigación sobre os procesos de produción mediática.
A análise de produtos mediáticos.	Lectura de imaxes e outras técnicas para á análise de produtos mediáticos. Propostas de investigación e análise de distintos produtos mediáticos.
As audiencias e os procesos de interacción.	Os estudos sobre audiencias. Propostas de investigación das interaccións audiencias-medios.
A produción e creación de produtos mediáticos.	Recursos tecnolóxicos de software comercial, gratuito e/ou libre e recursos da web 2.0 para a participación crítica e a creación mediática. Elaboración de propostas de investigación e produción mediática.
O traballo educativo cos medios de comunicación.	Estratexias de aula na educación mediática. Elaboración de propostas innovadoras de traballo educativo con medios de comunicación.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	0	6	6
Traballos tutelados	15	15	30
Prácticas a través de TIC	9	9	18
Análise de fontes documentais	9	0	9
Discusión dirixida	9	0	9
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Lecturas	O estudante terá a que levar a cabo unha serie de lecturas de documentos escritos, audiovisuais e na rede sobre os contidos da materia.
Traballos tutelados	O estudante levará a cabo unha serie de traballos que exemplifican os distintos conceptos clave da educación mediática explicados nas clases.
Prácticas a través de TIC	Se realizarán actividades de produción e creación utilizando diversos recursos tecnolóxicos.
Análise de fontes documentais	Se realizarán actividades de análise de documentos escritos, audiovisuais e na rede.
Discusión dirixida	Se realizarán actividades de debate sobre as presentación e explicacións realizadas pola docente e sobre ás análise de fontes documentais levadas a cabo.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	Nas horas dedicadas a tutorización do estudante se atenderá a todas as dúbidas que podan xurdir na realización das tarefas requiridas nos traballos tutelados, na investigación do estudio de caso, no proceso de produción e creación dun produto mediático e na realización dunha proposta innovadora de traballo educativo cos medios de comunicación. Haberá unha titoría obrigatoria.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Actividades realizadas nas clases	40
Prácticas a través de TIC	Produción e creación de produtos mediáticos.	40
Discusión dirixida	Participación nas clases.	20

Observacións avaliación

Debido a natureza da materia e as poucas sesións que temos é fundamental a asistencia ás clases, a non asistencia será penalizada á hora da avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Política, cultura, educación e xustiza curricular en sociedades democráticas/652439013

Materias que continúan o temario

Observacións

Asistencia ás clases, adecuado traballo colaborativo e individual dende o principio das clases, asistencia a titorías.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías